


9

Bolsas, axudas e premios



* A información relativa ás bolsas, axudas e premios é orientativa e pode sufrir modificacións noutras convocatorias posteriores.

1. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos

Obxecto

Regular o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas ao alumnado universitario cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Ter unha necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de urxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfandade absoluta, falecemento pai/nai/titor legal, desemprego sustentador principal, enfermidade grave, violencia de xénero cara a el/ela ou o seu proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar e outras circunstancias non previstas que, sendo xustificadas, repercutan na situación socioeconómica familiar).
- Que a situación sobrevida ou imprevista aconteza durante o ano 2011.
- Estar matriculado, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do SUG.
- Ter fixada a súa residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.
- Que a renda per cápita da unidade familiar non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual.
- Non ter percibida esta axuda con anterioridade.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

Segundo os límites de renda per cápita:

Límites de renda	Contía da axuda
Ata 3.000 €	2.500 euros
De 3.001€ a 3.500 €	2.000 euros
De 3.501€ a 4.000 €	1.500 euros
De 4.001€ a 4.755,80 €	1.250 euros

Convocatoria (aberta durante todo o curso académico)

Texto da última convocatoria: Orde do 15 de abril de 2010.

Data de publicación: DOG do 23 de abril.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Axudas a estudantes universitarios para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares.

Obxecto

Favorecer a participación e asistencia dos estudantes universitarios do Sistema Universitario de Galicia e dos centros asociados da UNED a congresos, simposios, seminarios ou similares nos que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto de estudo na titulación cursada.

Destinatarios

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

Requisitos

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia, no derradeiro curso de estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou nun máster universitario.
- Atoparse matriculado/a, nos plans de estudos estruturados por créditos, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de máster universitario, estar matriculado dun mínimo de 60 créditos nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos. No caso de alumnado de ensinanza técnica, a nota obtida polo alumno ou alumna multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
- Asistir a un congreso, seminario, simposio ou similar organizado por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico no que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto dos estudos que se están a realizar.

- Que as actividades teñan unha duración mínima de vinte e catro horas acreditadas pola entidade organizadora.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

Determinarase na convocatoria en función do lugar de realización e si presentan ou non comunicación, póster ou similar.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 22 de marzo de 2010.

Data de publicación: DOG do 30 de marzo.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Axudas complementarias ás achegadas pola UE no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suíza para estudantes universitarios que participan nesta acción.

Obxecto

Favorecer novas oportunidades de formación e a incentivación do rendemento escolar.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Ser cidadán ou cidadá da Comunidade Europea ou estranxeiro/a non comunitario/a con residencia legalizada no Estado.
- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia, para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a, diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a e arquitecto/a técnico/a.
- Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario da axuda achegada pola UE no marco do PAP.
- Non gozar desta bolsa complementaria en convocatorias anteriores.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

En función dos criterios fixados na convocatoria.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 30 de novembro de 2010.

Data de publicación: DOG do 10 de decembro.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Bolsas de colaboración en departamentos das universidades do SUG destinadas ao alumnado de excelencia académica.

Obxecto

Iniciarse en tarefas docentes e de investigación directamente vinculadas cos estudos que estean a cursar, permitindo con isto o crecemento e a potenciación do Sistema Universitario de Galicia.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Non estar en posesión ou disposición legal de obter o título académico de grao, licenciado/a, enxeñeiro /a ou arquitecto/a.
- Matricularse en calquera das tres universidades que compoñen o SUG, no último curso dos estudos conducentes a unha titulación de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a na totalidade das materias ou créditos que lle resten para rematar os seus estudos, excluindo do mencionado cómputo o proxecto fin de carreira.
- Ter superado un número mínimo de créditos fixados na convocatoria.
- Posuír unha nota media simple igual ou superior a 2 puntos.
- Presentar un proxecto de colaboración debidamente avalado polo departamento universitario en que se vaia desenvolver.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

350 euros mensuais.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 30 de abril de 2010.

Data de publicación: DOG do 7 de maio.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún estado membro da Unión Europea, durante o verán, co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Obxecto

Convocar en réxime de concorrencia competitiva, 100 bolsas para estadías nalgún estado membro da Unión Europea co obxecto de favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento dun segundo idioma.

Destinatarios

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

Requisitos

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a, diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a, arquitecto/a técnico/a ou nun máster universitario.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos. No caso de alumnado de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
- Ter superados, no momento de presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de primeiro ciclo ou 120 créditos en titulacións de grao ou de primeiro e segundo ciclo. No caso de máster universitario, ter superados os estudos da titulación correspondente que dá acceso a el.
- Atoparse matriculado/a, nos plans de estudos estruturados por créditos, como mínimo en 50 créditos, incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de máster universitario, estar matriculado dun mínimo de 60 créditos, nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- Realizar un curso de idiomas cunha duración mínima de tres semanas e cun mínimo de quince horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.

Como solicitas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

1.100 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 22 de marzo de 2010.

Data de publicación: DOG do 30 de marzo.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades

Bolsas para o desenvolvemento de actividades de formación académica de curta duración, desenvolvidas fóra da comunidade autónoma, destinadas a grupos de alumnos universitarios que cursen os seus estudos oficiais nas universidades do SUG.

Obxecto

Adquirir coñecementos de materias específicas por medio de estadías formativas de curta duración en centros de estudos superiores, empresas ou institucións.

Destinatarios

Grupo de alumnos/as da mesma titulación universitaria

Requisitos

- Estar matriculado no derradeiro curso dos seus estudos universitarios de carácter oficial conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, mestre ou diplomado nalguna das universidades do SUG.
- Participar na realización dunha actividade formativa como compoñente dun grupo de 10 alumnos como mínimo e de 15 como máximo, cunha duración máxima de 7 días, incluídos os días da viaxe.
- Cursar a mesma titulación todos os alumnos membros dese grupo e estar matriculados neste curso académico, polo menos, nunha materia do departamento con que se relacione a actividade formativa.
- Elixir entre todos os membros do grupo un representante ou apoderado único que actuará como coordinador.

Como solicitálas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentárase no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

Máximo de 35 euros por alumno e día.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 22 de abril de 2010.

Data de publicación: DOG do 29 de abril.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais nas universidades do Sistema Universitario de Galicia conducentes ao título de máster universitario

Obxecto

Contribuír ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar conducente ao título de máster e favorecer a posta en marcha do proceso de harmonización do Sistema Universitario de Galicia co Espazo Europeo de Educación Superior.

Destinatarios

Alumnado e titulados/as universitarios/as.

Requisitos

- Ter rematados os estudos universitarios conducentes á titulación universitaria de Grao, ou titulación equivalente a efectos de acceso ao master universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007.
- Non estar en posesión do diploma de Estudos Avanzados (DEA) ou dun título de doutor/a.
- Non gozar dalgunha bolsa das concedidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a realización de estudos de terceiro ciclo ou de master universitario.
- Estar matriculado, dun mínimo de 60 créditos, nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela ou Vigo.
- Posuír unha nota media simple no seu expediente académico igual ou superior a 2 puntos. No caso de alumnos de ensinanza técnica, a nota media simple deberá ser igual ou superior a 1,5 puntos.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

600 euros mensuais.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 16 de decembro de 2010.

Data de publicación: DOG do 23 de decembro.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Axudas destinadas ao financiamento dos xuros de préstamos concedidos nas dúas convocatorias anteriores ao alumnado universitario galego

Obxecto

Facilitarlles aos estudantes o financiamento dos xuros de préstamos concedidos ao alumnado universitario galego en convocatorias anteriores polas correspondentes entidades bancarias.

Destinatarios

Alumnado universitario beneficiarios dos préstamos.

Requisitos

- Seren beneficiarios dos préstamos nas dúas convocatorias anteriores.
- Estaren matriculados no curso actual na titulación ou estudos para os que se lle concedeu o préstamo.

Como solicitalos

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 30 de xuño de 2010.

Data de publicación: DOG do 7 de xullo.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Axudas a asociacións de estudantes universitarios

Obxecto

Estimular o asociacionismo no ámbito universitario, así como prestar apoio ás actividades de carácter formativo e científico organizadas polas asociacións de estudantes deste nivel de ensino como un modo de potenciar o dinamismo da universidade e o papel activo do alumnado.

Destinatarios

Asociacións de estudantes do Sistema Universitario de Galicia.

Requisitos

- Acreditar que están dadas de alta como asociacións de estudantes no rexistro dunha das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- Estar constituídas por estudantes en activo e non ter ánimo de lucro.
- Que as súas actividades sexan realizadas na comunidade autónoma, se desenvolvan preferentemente no seo da comunidade universitaria e repercutan directamente nos seus estudantes.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en

calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

En función dos criterios fixados na convocatoria.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 17 de marzo de 2010.

Data de publicación: DOG do 26 de marzo.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia**Obxecto**

Facer un recoñecemento expreso da excelencia académica daqueles estudantes matriculados en calquera dos centros pertencentes a algunha das tres universidades que compoñen o Sistema Universitario de Galicia.

Destinatarios

Titulados/as universitarios/as.

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos estados membros da Unión Europea.
- Ter unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 2,7 puntos para alumnos das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde; e 2 puntos para alumnos da rama de Enxeñería e Arquitectura.
- Ter rematada a carreira no ano da convocatoria.
- Os fixados na propia convocatoria.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro único da Xunta de Galicia, en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

Contía

3.500 euros e diploma.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 12 de maio de 2010.

Data de publicación: DOG do 24 de maio.

Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

2. SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

Programas de bolsas destinadas á cidadanía galega residente no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en Galicia¹

Programa 1: bases reguladoras para a concesión de bolsas para a realización de estudos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional en calquera das tres universidades de Galicia

Obxecto

Darlles a oportunidade aos galegos residentes no exterior e aos seus descendentes ata segundo grao, de formarse no eido cultural e educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no seo das súas institucións académicas realizando estudos universitarios de carácter oficial e validez nacional.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Residencia no estranxeiro do solicitante da bolsa.
- Estar admitido/a para cursar estudos presenciais conducentes á obtención do título de grao, diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a técnico/a ou arquitecto/a técnico/a, licenciado/a, enxeñeiro/a ou arquitecto/a nunha universidade do SUG. E matricularse como mínimo de 50 créditos, incluíndo neles o proxecto fin de carreira.
- Alumnado de prórroga: acreditar a residencia da súa unidade económica familiar no estranxeiro e ter superados o 75% das materias ou créditos nos que estivo matriculado no curso anterior, incluíndo o proxecto fin de carreira.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación esixida, presentarse no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (entre os que figuran as delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo).

Contía

Máximo de 6.000 euros.

Unha axuda destinada a sufragar parte dos gastos derivados da viaxe de ida e volta, no caso de estudantes de nova adxudicación (determinada na convocatoria).

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Resolución do 4 de xuño de 2010.

Data de publicación: DOG do 10 de xuño.

¹ Os programas 1, 2 e 3, contan coa colaboración da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que participa tanto no seu financiamento como na selección dos beneficiarios.

Información

Subdirección Xeral de Programas Sociais da Secretaría Xeral de Emigración e Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Programa 2: bases reguladoras para a concesión de bolsas para a realización de estudos conducentes á obtención dun máster universitario en calquera das tres universidades de Galicia

Obxecto

Axudar a sufragar os gastos derivados da realización de estudos oficiais conducentes á obtención do título de máster universitario (incluídas as taxas académicas correspondentes aos estudos elixidos).

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Residencia no estranxeiro do solicitante da bolsa.
- Estar admitido/a no curso que se inicia no ano da convocatoria nun programa de curso completo de máster universitario autorizado pola Xunta de Galicia e impartido nalgunha das universidades do SUG.
- Alumnado de prórroga: acreditar que superou o 75% dos créditos en que estivo matriculado no último curso.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación esixida, presentarse no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (entre os que figuran as delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo).

Contía

Máximo de 6.000 euros.

Unha axuda destinada a sufragar parte dos gastos derivados da viaxe de ida e volta, no caso de estudantes de nova adxudicación (determinada na convocatoria).

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Resolución do 4 de xuño de 2010.

Data de publicación: DOG do 10 de xuño.

Información

Subdirección Xeral de Programas Sociais da Secretaría Xeral de Emigración e Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

Programa 3: bases reguladoras para a concesión de bolsas de intercambio para a realización de ensinanzas universitarias en calquera das tres universidades de Galicia que teñan asinados convenios con universidades de países extracomunitarios

Obxecto

Favorecer a mobilidade de estudantes galegos ou fillos de emigrantes galegos que residan en países extracomunitarios, posibilitando que, a través dos convenios asinados entre as universidades dos seus países e as correspondentes do SUG, poidan cursar parte dos seus estudos universitarios en Galicia.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Residencia no estranxeiro do solicitante da bolsa, nun país extracomunitario.
- Estar admitido/a para cursar estudos presenciais a tempo completo, por un período mínimo dun cuatrimestre (ata 6 meses), ou dun curso académico, nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela ou Vigo que teñan subscritos convenios de mobilidade coas correspondentes universidades de países extracomunitarios.
- Non ser actualmente nin con anterioridade beneficiario doutras axudas de mobilidade convocadas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.

Como solícitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación esixida, presentárase no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (entre os que figuran as delegacións da Xunta de Galicia en Bos Aires e Montevideo).

Contía

Máximo de 6.000 euros.

Máximo de 4.000 euros para un cuatrimestre.

Unha axuda destinada a sufragar parte dos gastos derivados da viaxe de ida e volta, no caso de estudantes de intercambio (determinada na convocatoria).

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Resolución do 4 de xuño de 2010.

Data de publicación: DOG do 10 de xuño.

Información

Subdirección Xeral de Programas Sociais da Secretaría Xeral de Emigración e Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.

3. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Convocatoria de prazas nas residencias xuvenís

Obxecto

Ofertar prazas para mozos e mozas estudantes nas residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, en réxime de internado.

Destinatarios

Alumnado universitario e non universitario.

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española, ser nacional dun país membro da UE ou ser estranxeiro residente en España no momento da solicitude da praza.
- Non superar os 30 anos de idade.
- Cursar estudos non universitarios (ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior), estudos universitarios ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Demais requisitos esixidos na convocatoria.

Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación esixida, presentarase en calquera dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde do 9 de xuño de 2010.

Data de publicación: DOG do 22 de xuño.

Información

Departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

4. MINISTERIO DE EDUCACIÓN

Bolsas de carácter xeral e de mobilidade para estudantes de ensinanza universitaria

Obxecto

Mellorar a eficiencia educativa e garantir o principio de igualdade de oportunidades, de xeito que, por razóns económicas, ninguén quede fóra dos sistema de ensino superior tanto na propia comunidade autónoma como fóra dela.

Destinatarios

Alumnado matriculado en universidades españolas.

Requisitos

- Cursar estudos conducentes á obtención dun título universitario de grao e de máster, de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, realizar o curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas ou cursar os complementos de formación para o acceso ao máster, grao ou para proseguir estudos oficiais de licenciatura.
- Cumprir os requisitos de carácter xeral, económico e académico esixidos na convocatoria.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*
- Cubrir o formulario que aparece no enderezo <http://sede.educacion.gob.es> na epígrafe correspondente a "Trámites e servizos" e presentalo por vía telemática ou imprimir o modelo de solicitude e, acompañada da documentación requirida, presentalo na unidade de bolsas da universidade na que se matricule, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

En función de distintos conceptos de gasto, que se concederá dependendo da situación socioeconómica da familia ou segundo as circunstancias concretas que se dan para os estudos e centro elixido. Pode comprender un ou varios compoñentes (bolsa salario, axuda compensatoria, de residencia, de desprazamento, transporte urbano, material de estudos...).

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/1781/2010 do 29 de xuño.

Data de publicación: BOE do 3 de xullo.

Información

- Sección de Bolsas das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudantes do Ministerio de Educación.

Bolsas de colaboración en departamentos universitarios

Obxecto

Facilitar a colaboración dos estudantes universitarios de último curso nos departamentos, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

Destinatarios

Alumnado que vaia rematar os estudos de segundo ciclo ou último curso de grao.

Requisitos

- Non estar en posesión ou disposición legal de obter un título académico de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado ou máster oficial.
- Ter superado o primeiro ciclo e un número mínimo de créditos ou materias do segundo ciclo. Nos estudos de grao, ter superados 180 créditos e cursar os últimos 60 créditos para completar os requisitos para a obtención do título.
- Posuír unha nota media de 5,50 puntos para a rama de Enxeñaría, Arquitectura e Ensinanzas Técnicas; de 6,50 puntos para Ciencias e Ciencias da Saúde ou Ciencias Experimentais, e 7 puntos para Ciencias Xurídicas e Sociais e Arte e Humanidades ou Humanidades.
- Matricularse en ensinanza oficial da totalidade das materias ou créditos que resten para rematar os estudos.
- Presentar un proxecto de colaboración avalado e puntuado polo departamento.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimir o modelo de solicitude no enderezo <http://sede.educacion.gob.es>, na epígrafe correspondente a "Trámites e servizos" e presentalo por vía telemática ou en ficheiro PDF, acompañado da documentación requirida, na universidade onde cursa os seus estudos, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

2.700 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/1799/2010, do 29 de xuño.

Data de publicación: BOE do 5 de xullo.

Información

Sección de Bolsas das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Programa de subvencións para a mobilidade de estudantes universitarios Séneca

Obxecto

Fomentar a mobilidade do alumnado entre as distintas universidades españolas.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Estar matriculado nunha universidade pública española ou en centros de educación superior na que a súa entidade titular careza de ánimo de lucro cursando os estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais de graduado, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.
- Obter unha praza na convocatoria SICUE.
- Ter superado, na universidade de orixe, un número mínimo de créditos ou materias.
- Ter unha nota media no seu expediente académico no sistema de cualificacións de 0-10 igual ou superior a 6 para as titulacións de Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais e Ciencias da Saúde, e de 5,40 para as titulacións técnicas.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educacion.es (en ficheiro PDF) e, acompañado da documentación correspondente, presentalo no rexistro xeral da universidade onde cursa os seus estudos ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

500 euros mensuais e unha axuda única de viaxe de 120 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/864/2010, do 8 de marzo.

Data de publicación: BOE do 8 de abril.

Información

Oficinas de Relacións Internacionais das Universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Axudas para cursos de lingua inglesa no estranxeiro

Obxecto

Contribuír á formación integral da mocidade, a través da aprendizaxe dun idioma diferente.

Destinatarios

Alumnado universitario e de niveis non universitarios

Requisitos

- Ser bolseiro da convocatoria xeral do MEC.
- Realizar un curso de lingua inglesa (Australia, Canadá, USA, Malta, Nova Zelandia, Reino Unido e Irlanda) de, a lo menos, tres semanas de duración, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais entre xuño e novembro.

- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Como solicitálas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educacion.es (en ficheiro PDF), asinado e acompañado da documentación requirida, e presentalo na Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudiantes do Ministerio de Educación, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Os interesados que dispoñan de certificado recoñecido de sinatura electrónica poderán presentar a súa solicitude no rexistro telemático do MEC.

Contía

1.700 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/426/2010, do 15 de febreiro.

Data de publicación: BOE do 27 de febreiro.

Información

- Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudiantes do Ministerio de Educación.

Axudas para cursos de lingua alemá ou francesa

Obxecto

Favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua alemá ou francesa no estranxeiro do alumnado universitario e de ensinanzas artísticas superiores.

Destinatarios

Alumnado universitario e de ensinanzas artísticas superiores

Requisitos

- Ser bolseiro da convocatoria do MEC.
- Ter aprobado totalmente o curso inmediatamente anterior.
- Posuír un bo expediente académico.
- Realizar un curso de lingua alemá ou francesa de, polo menos, 3 semanas de duración, cun mínimo de 15 horas lectivas semanais entre xullo e novembro.

Como solicitálas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educacion.es (en ficheiro PDF), asinado e acompañado da documentación requirida, e presentalo na Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudiantes do Ministerio de Educación (Sección de Convocatorias Especiais), ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Os interesados que dispoñan de certificado recoñecido de sinatura electrónica poderán presentar a súa solicitude no rexistro telemático do MEC.

Contía

1.700 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/422/2010, do 15 de febreiro.

Data de publicación: BOE do 27 de febreiro.

Información

Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudantes (Sección de Convocatorias Especiais) do Ministerio de Educación.

Axudas para cursos de lingua inglesa no estranxeiro destinadas a mestres e estudantes de maxisterio**Obxecto**

Favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua inglesa.

Destinatarios

Mestres e estudantes do último curso das ensinanzas de mestre.

Requisitos

Ter rematados os estudos universitarios de mestre en calquera das especialidades ou estar matriculado no último curso da totalidade dos créditos que resten para rematar estes estudos.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educacion.es, asinado e acompañado da documentación requirida, e presentalo na Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudantes do Ministerio de Educación (Sección de Convocatorias Especiais), ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Os interesados que dispoñan de certificado recoñecido de sinatura electrónica poderán presentar a súa solicitude no rexistro telemático do MEC.

Contía

2.100 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/425/2010, do 15 de febreiro.

Data de publicación: BOE do 27 de febreiro.

Información

Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudantes (Sección de Convocatorias Especiais) do Ministerio de Educación.

Bolsas de carácter xeral e de mobilidade para estudantes de ensinanzas universitarias. (Ver na descrición da convocatoria *Bolsas de carácter xeral e de mobilidade para estudantes de ensinanzas universitarias*, a epígrafe correspondente a másters universitarios oficiais).

Subvencións para mobilidade de estudantes en ensinanzas universitarias oficiais de máster

Obxecto

Facilitarlle ao estudiantado matriculado nun máster oficial dunha universidade española a realización de parte das actividades académicas de máster que se desenvolvan nunha provincia diferente á da sede da universidade de matrícula ou, se é o caso, noutros países do EEE, que implique un cambio obrigado de residencia.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Ter o seu domicilio en España e atoparse matriculado nunha universidade española no máster para o que se solicita a axuda de mobilidade.
- Contar cun expediente académico cunha nota media igual ou superior a 1,50 puntos nos estudos previos polos que acceda ao máster.
- Que a actividade académica lectiva para a que solicita axuda de mobilidade se desenvolva en distinta provincia da universidade de matrícula, implicando un cambio efectivo de residencia habitual do/a alumno/a.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educación.es, imprimilo e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida, na universidade na que se atope matriculado no máster, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

- Máximo de 200 euros semanais para o territorio nacional.
- Máximo de 230 euros semanais para a mobilidade a países integrados no Espazo Europeo de Educación Superior.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/959/2010/, do 14 de abril.

Data de publicación: BOE do 19 de abril.

Información

Universidade na que se atopa o estudante matriculado do máster.

Subvencións para másters conxuntos desenvolvidos por universidades francesas e españolas

Obxecto

Atender os gastos de mobilidade de profesores e estudantes de universidades españolas para que se despracen a Francia, coa finalidade de participar en programas de máster que impartan e desenvolvan conxuntamente unha ou varias universidades de cada país.

Destinatarios

Alumnado e profesorado universitario.

Requisitos [alumnado universitario]

- Ter o seu domicilio en España e atoparse matriculado nunha universidade española no máster para o que se solicita a axuda de mobilidade.
- Contar cun expediente académico cunha nota media igual ou superior a 1,50 puntos nos estudos previos polos que acceda ao máster.
- Que a actividade académica lectiva para a que solicita axuda de mobilidade se desenvolva en distinta provincia da universidade de matrícula, implicando un cambio efectivo de residencia habitual do/a alumno/a.
- Cumprir os demais requisitos descritos na convocatoria para esta modalidade.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Os coordinadores das universidades españolas que participen en másters conxuntos hispano-franceses presentarán a memoria do proxecto de cooperación no modelo de impreso que estará dispoñible na páxina web www.educacion.es remitíndoa directamente ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, á Dirección Xeral de Política Universitaria.

Contía

Determinarase na convocatoria.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/959/2010/, do 14 de abril.

Data de publicación: BOE do 19 de abril.

Información

Universidade na que se atopa matriculado do máster.

Préstamos universitarios para realizar estudos de posgrao

Obxecto

Axudar economicamente a mozos/as titulados universitarios que desexen cursar ensinanzas universitarias de máster e doutoramento.

Destinatarios

Titulados universitarios que vaian realizar estudos de máster universitario ou o periodo de investigación do doutoramento.

Requisitos

- Ser titulado universitario con nacionalidade española ou dun país da UE, así como os nacionais de países non comunitarios que acrediten a súa condición de residentes en España durante os dous anos anteriores á data de solicitude.

Como solicitalas

Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educacion.es; unha vez confirmado o envío telemático da solicitude, imprimirase e entregarse asinado, xunto coa documentación requirida, no rexistro do Ministerio de Educación (r/ Alcalá, 36, 28071 Madrid), ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

Máximo 6.000 euros. De maneira opcional, poderase solicitar unha cantidade de ata 800 euros/mes para cubrir outros gastos mentres se estea matriculado.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/3248/2010, do 17 de decembro.

Data de publicación: BOE do 18 de decembro.

Información

Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación.

Subvencións a asociacións xuvenís e a federacións e confederacións de estudantes universitarios**Obxecto**

Financiar os gastos derivados das actividades de representación nacional ou internacional, do desenvolvemento de actividades formativas, culturais e científicas, e dos programase actividades de comunicación á comunidade estudiantil no ámbito da adaptación dos estudos ao EEES.

Destinatarios

Asociacións xuvenís e federacións e confederacións de estudantes de ámbito nacional das que o seu campo de actuación sexa a universidade.

Requisitos

- Ser unha asociación xuvenil, unha federación ou confederación de estudantes de ámbito nacional, que teña como campo de actuación a universidade e que a súa finalidade sexa participar na vida universitaria.
- Cumprir os demais requisitos fixados na convocatoria.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece como anexo no BOE segundo as instrucións que nel figuran, e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida, no rexistro da Secretaría Xeral de Universidades da r/ Ramírez de Arellano, 29-7º. Planta Norte, 28071 Madrid, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

En función dos criterios fixados na convocatoria.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/2325/2010, do 6 de agosto.

Data de publicación: BOE do 3 de setembro.

Información

Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación.

Premios nacionais á excelencia no rendemento académico universitario**Obxecto**

Incentivar e recoñecer o rendemento académico e a cultura do esforzo e a excelencia académica.

Destinatarios

Alumnado que rematase os seus estudos en centros universitarios españois.

Requisitos

- Rematar os estudos universitarios no ano que fixa a convocatoria.
- Posuír un bo expediente académico.

Como solicitalos

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web do MEC (www.educacion.es) e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida, na Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudantes do Ministerio de Educación (r/ Torrelaguna, 58, 28027 Madrid) ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

Primeiro premio: 3.300 euros.

Segundo premio: 2.650 euros.

Terceiro premio: 2.200 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/1770/2010, do 29 de xuño.

Data de publicación: BOE do 2 de xullo.

Información

Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudantes do Ministerio de Educación.

Premios do IX Certame Universitario "Arquímedes", de Introducción á Investigación Científica**Obxecto**

Fomentar a realización de proxectos orixinais de investigación científica e tecnolóxica entre os estudantes universitarios españois.

Destinatarios

Alumnado que curse os seus estudos en centros universitarios españois e nos que os seus titores pertencen ao sistema español de ciencia e tecnoloxía.

Requisitos

- Estar cursando ou ter rematados estudos de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou diplomado, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, durante o curso 2009-2010.
- Participar de forma individual ou en equipos de traballo integrados por un máximo de tres alumnos/as.
- Presentar traballos orixinais que consistirán en investigacións básicas ou aplicadas, proxectos de investigación en enxeñaría, arquitectura ou prototipos relacionados con calquera das materias científicas e tecnolóxicas contidas nos plans de estudos das universidades españolas.

Como solicitalos

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web do MEC (www.educacion.es/educacion/universidades/convocatorias/estudiantes/certamen-arquimedes.html), anexar a documentación en formato electrónico, imprimir o empero de solicitude e entregalo asinado, no rexistro xeral do Ministerio de Educación ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Premios que se convocan

1. Premios especiais
2. Premios por áreas de coñecemento
3. Outros premios
4. Premios de entidades patrocinadoras
5. Estadías de investigación no CSIC

A descrición de cada un destes premios, así como a súa contía, especificase na convocatoria

Publicación da convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/925/2010, do 22 de maio.

Data de publicación: BOE do 15 de abril.

Información

Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación.

5. OUTRAS CONVOCATORIAS DE INTERESE

Axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo

Obxecto

Practicar de forma intensiva, a través dun curso de inmersión en lingua inglesa, a destreza oral e comunicativa.

Destinatarios

Alumnado bolseiro do MEC.

Requisitos

- Ser menor de 30 anos.
- Ser bolseiro do MEC con anterioridade.
- Cumprir os demais requisitos esixidos na convocatoria.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na sede electrónica do Ministerio de Educación <https://sede.educacion.gob.es> na epígrafe "Trámites e servizos". Unha vez cuberta a solicitude poderá enviala por vía telemática ou imprimila e presentala asinada xunto coa documentación requirida na Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudiantes do Ministerio de Educación ou por calquera dos procedementos previstos no Artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

Para completar o prezo total do curso os estudantes deberán aboar 100 euros á UIMP.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/2956/2010, do 28 de outubro.

Data de publicación: BOE do 18 de novembro.

Información

- Universidade Internacional Menéndez Pelayo.
- Subdirección Xeral de Bolsas, Axudas e Mobilidade de Estudiantes do Ministerio de Educación.

Bolsas para a Aula de Verán Ortega y Gasset na Universidade Internacional Menéndez Pelayo

Obxecto

Convocar 100 bolsas en réxime de concorrencia competitiva e proporcionarlles aos estudantes, como complemento doutras informacións e orientacións recibidas, unha visión global da universidade.

Destinatarios

Alumnado que inicie estudos universitarios.

Requisitos

- Rematar no ano da convocatoria o último curso de bacharelato ou do ciclo formativo de grao superior.
- Acreditar un bo expediente académico.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web da Dirección Xeral de Política Universitaria (www.educacion.es) e da UIMP (www.uimp.es), imprimilo e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida, na Subdirección Xeral de Profesorado e Innovación Docente da Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

Determinarase na convocatoria.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/1371/2010, do 20 de maio.

Data de publicación: BOE do 28 de maio.

Información

Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Bolsas para a participación na Escola Blas Cabrera de introdución á investigación, á docencia e á innovación científica

Obxecto

Iniciar o alumnado nas actividades fundamentais da universidade: a docencia, a investigación e a innovación científica.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Posuír un bo expediente académico.
- Atoparse matriculado de todos os créditos esixidos para poder rematar os estudos conducentes á obtención do título oficial de grao ou licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou de máster universitario oficial.

- Estar en condicións de comezar os estudos de doutoramento nos distintos campos e ámbitos do coñecemento.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web da UIMP (www.uimp.es) e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida, na sede da UIMP en Madrid ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Resolución do 19 de maio de 2010.

Data de publicación: BOE do 29 de maio.

Información

Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Bolsas de introdución á investigación para estudantes universitarios, no marco do programa Xunta para a Ampliación de Estudos

Obxecto

Coñecer as posibilidades que ofrecen os centros e institutos do CSIC nas diferentes áreas científicas.

Destinatarios

Alumnado matriculado nos cursos intermedios dunha carreira universitaria de grao superior.

Requisitos

- Ter superado un mínimo número de créditos.
- Atoparse matriculado nunha facultade ou escola técnica superior universitaria nun mínimo de 50 créditos.
- Acreditar unha nota media igual ou superior a 1,50 puntos para o alumnado de escolas técnicas superiores e a 2 puntos para os alumnos do resto das ensinanzas.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece no servidor de información do Consello Superior de Investigacións Científicas (www.csic.es) imprimilo e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida no rexistro xeral do CSIC, r/ Serrano, 117, 28006 Madrid, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Contía

Entre 1.500 e 2.000 euros.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Resolución do 11 de xaneiro de 2011.

Data de publicación: BOE do 24 de xaneiro de 2011.

Información

Consello Superior de Investigacións Científicas.

Programa de Máster en universidades de Estados Unidos de América (EUA)

Obxecto

Crear as condicións e facilitar os medios para impulsar a realización de programas de Máster en universidades de EUA por licenciados españois en titulacións de Ciencias Sociais e Humanidades, no marco do programa de bolsas ME-Fulbright.

Destinatarios

Titulados en Ciencias Sociais e Humanidades.

Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou de calquera país da UE o do Espazo Económico Europeo.
- Obter o título de lic. en áreas de Ciencias Sociais e Humanidades con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007. No caso de ter un título expedido por unha universidade estranxeira, xustificar documentalmente a homologación ou recoñecemento oficial da titulación.
- Contar cun expediente académico cunha nota media igual ou superior a 2,00 puntos.
- Non percibir con anterioridade bolsas para a realización de másters no estranxeiro, non estar realizando estudos de posgrao ou proxectos de investigación predoutoramento en EUA, non ter rematado ningún doutoramento e non ter concedida unha bolsa Fulbright antes.
- Excelente coñecemento do idioma inglés
- Os fixados na propia convocatoria.

Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial del Estado*.
- Cubrir o modelo de solicitude que aparece na páxina web www.educacion.es/educacion/universidades/convocatorias/titulados-doctores-profesores/master-eeuu.html, así como na páxina web da Comisión Fulbright: www.fulbright.es, imprimilo e entregalo asinado, xunto coa documentación requirida, no rexistro xeral do Ministerio de Educación ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A solicitude irá dirixida á Dirección Xeral de Política Universitaria.

Contía

- 1.500 euros como máximo de dotación mensual.
- 7.000 euros como máximo para o pagamento da matrícula e taxas académicas.
- 1.250 euros para gastos de viaxe de ida e volta.
- Seguro de accidentes corporais e de asistencia sanitaria.

Convocatoria

Texto da última convocatoria: Orde EDU/2258/2010, do 21 de xullo.

Data de publicación: BOE do 23 de agosoto.

Información

Dirección Xeral de Política Universitaria do Ministerio de Educación.

Programa Faro Global

Obxecto

Desenvolver, a través da experiencia práctica en empresas e organizacións situadas no estranxeiro (Europa, EUA, Canadá e países asiáticos), as capacidades e habilidades profesionais suficientes para complementar a formación profesional recibida nas universidades.

Destinatarios

Alumnado universitario.

Requisitos

- Ser estudante de últimos cursos de calquera titulación universitaria oficial impartida en universidades españolas.
- Non gozar con anterioridade dunha bolsa Leonardo.
- Non ter antes dunha bolsa de prácticas de mobilidade internacional subvencionada con fondos públicos.

Como solicitalas

Rexistrarse correctamente na páxina web do programa (www.becasfaro.es) e cubrir todos os datos que se requiren.

Contía

Determinarase en función da área xeográfica na que teña lugar a práctica.

Convocatoria e información

www.becasfaro.es

Programa Argo Global

Obxecto

Impulsar a formación complementaria dos titulados de todas as universidades españolas a través da realización de prácticas en empresas no estranxeiro (Europa, EUA, Canadá e españolas con sede en Asia).

Destinatarios

Titulados/as universitarios/as.

Requisitos

- Posuír unha titulación universitaria oficial en calquera das universidades de España.
- Non gozar anteriormente das bolsas do programa de mobilidade Leonardo da Vinci en calquera das súas formas (bolsas ARGO, bolsas FARO GLOBAL e bolsas INTEGRANTS).

Como solicitalas

Rexistrarse correctamente na páxina web do programa (www.becasargo.es) e cubrir todos os datos que se requiren.

Contía

Determinarase en función da área xeográfica na que teña lugar a práctica.

Convocatoria e información

www.becasargo.es.

Axudas do programa Erasmus para prácticas en empresas

Obxecto

Ofertar prazas destinadas á mobilidade de estudantes das universidades do SUG para realizar prácticas en empresas, centros de formación, centros de investigación ou outras organizacións de Europa.

Destinatarios

Estudantes de ensino superior, incluída a educación e formación profesional de grao superior.

Requisitos [para estudantes universitarios]

- Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no programa Erasmus.
- Estar matriculado nunha das universidades do SUG, para a obtención dun título universitario de grao e de máster, de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, ademais do de doutoramento.
- Ter un coñecemento suficiente da lingua na que se realizarán as prácticas.
- Non gozar antes doutra axuda do programa Leonardo da Vinci.

Como solicitalas

- Convócanse a través das oficinas de relacións exteriores das universidades da Coruña, Santiago de Compostela ou Vigo.
- A solicitude e mais a documentación requirida presentarase en calquera dos rexistros oficiais das universidades do SUG ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Publicación da convocatoria

As propias universidades.

Información

- Oficina de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña.
- Oficina de Relacións Exteriores da Universidade de Santiago de Compostela.
- Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo.

